

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 8 DE XUÑO DE 1995.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día oito de Xuño de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez, Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 7.980.000 pesetas a INDE-4, pola subministración de 300 butacas para a Casa de Cultura, segundo adxudicación por esta mesma Comisión de data anterior.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 558.599 pesetas a INDE-4, pola subministración de 21 butacas para a Casa de Cultura (completar teatro anterior montaxe).

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do presuposto presentado pola Coordinadora da Festa da Istoría, que correrá a cargo deste Concello, por importe de 101.270 pesetas, con motivo da vindeira Festa da Istoría.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da terceira e última certificación da obra "Escola de Francelos, remodelación e transformación, por importe de 1.955.438 pesetas.

Coma consecuencia dunhas conversas mantidas coa Demarcación de Estradas do MOPT e Dirección Técnica da Autovía, interésase se presente un proxecto redactado por técnico competente sobre a definición dos servizos afectados pola Autovía, facendo incidencia basicamente na présa de Maquiás e enlace-cruce Valdepereira, entre outros; polo cal, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda encarga-la redacción do devandito proxecto ó Enxeñeiro de Camiños, Don Segundo Alvarado Blanco.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación factura da certificación da obra denominada "Reparación de camiños en Ribadavia" (Subida a Esposende e outros), presentada por EXTRACO S.A., por un total de 5.419.375 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda con carácter de aboamento a conta a cantidade de 496.560 pesetas a Construcións Alonso Miguélez pola realización da obra Praza Laxas en Francelos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda con carácter de aboamento a conta a cantidade de 615.889 pesetas a Construcións Alonso Miguélez, pola realización da obra denominada "Camiño Paso a nivel de Francelos".

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda con carácter de aboamento a conta a cantidade de 548.760 pesetas a Construcións Finsobra S.L., pola realización da obra Camiño Maquiás.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda con carácter de aboamento a conta a cantidade de 494.785 pesetas a Construción Finsobra S.L. pola pavimentación Camiño parte Alta na Franqueirán.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda con

carácter de aboamento a conta a cantidade de 479.230 pesetas a Construccións Fidalgo, pola realización da obra denominada Camiño Congostra, en San Paio.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura presentada por Canteiras Antonio Mosquera Martínez de Carballeda de Avia, por importe de 655.400 pesetas, por traballos e subministración de material en áreas recreativas do Concello.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda o aboamento da cantidade correspondente á subvención da Consellería de Agricultura, pola obra: "Mellora de Accesos a Viñedos afectados polas treboadas do verán 93", por un importe de 2.188.000 pesetas, presentada por Don Guillermo López Carballal, realizada en colaboración coa Mancomunidade de Concellos do Ribeiro e tendo en conta que dito Organismo devolveu o importe de dita subvención ó Concello.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura nº 259 de data 13 de Maio do corrente ano a HORG MIGONES AVIA S.L., pola subministración de material para obras varias do Concello, por importe total de 614.113 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación de factura xustificativa de 3.000.000 pesetas para instalación do pantalán sito no término denominado "A Barca", con cargo ó crédito existente para o proxecto do río Avia; a prol da Empresa NAUTEL- Náutica e Telecomunicación, con enderezo en Barbantes-Estación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da factura xustificativa de 3.000.000 pesetas para instalación dun pantalán sito no término de Val de Pereira, con cargo ó crédito existente para o proxecto Actuacións no Encoro de Castrelo, a prol da empresa NAUTEL-Náutica e Telecomunicación, con enderezo en Barbantes-Estación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 100.000 pesetas ó colexio público de E.X.B. "Tomás de Lemos" con motivo dunha viaxe cultural que van a realiza-los alumnos de oitavo curso dese centro, no corrente mes de Xuño.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 100.000 pesetas ó

Instituto de Formación Profesional, desta Vila, con motivo dunha viaxe cultural de remate de curso, que van a realiza-los seus alumnos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 100.000 pesetas para o grupo teatral Do Vilar, para montaxe da estrutura técnica con motivo do estreo da obra "Os cravos de prata", o vindeiro 24 de Xuño, na Casa de Cultura.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, aporta-la cantidade de 100.000 pesetas á Fundación Vila Balneario de Prexigueiro, ós efectos de constitución da devandita Fundación, sen prexuízo de que no seu día se poida incrementa-la devandita aportación con cargo ó vindeiro presuposto.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Maio presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 99.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do presuposto de 520.000 pesetas, IVE incluído, presentado por Rotulación e Pintura SAGUAY, con domicilio en García Penedo, 4, desta Vila, por traballos realizados para a Biblioteca Casa de Cultura.

ORGANIZACION MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 1995.- Apróbanse os contratos de espectáculos teatrais coas compañías seguintes, segundo o teor literal que se acha nos respectivos expedientes: ESTEVE Y PONCE (Valencia), día 19 de Xullo de 1995; TEATRO DO ATLANTICO (Galicia), día 18 de Xullo de 1995; HOMMES EN NOIR (Bélxica), días 15 e 16 de Xullo de 1995; TANTTACA (País Vasco), día 21 de Xullo; CACHIVACHE (Madrid), día 21 de Xullo de 1995; TEATRO DE LA RESISTENCIA (Ex-Yugoslavia), día 22 de Xullo de 1995. Así mesmo, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, autoriza ó Sr. Alcalde para asina-los correspondentes contratos.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do presuposto de 1.172.000, IVE incluído, presentado por Rotulación e Pintura SAGUAY, con domicilio en García Penedo,

4, desta Vila, por montaxe e infraestrutura da XI Mostra Internacional de Teatro, a celebrar nesta Vila, no vindeiro mes de Xullo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo presuposto a cargo de LORMAN, produccions Artísticas, con motivo da XI Mostra Internacional de Teatro, por importe de 1.475.000 pesetas, IVE non incluído, por montaxe de luz e sonido.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo presuposto presentado por INDE-4 S.L., por importe de 1.179.720 pesetas, IVE incluído, para subministración de mobles para Conservatorio, recepción e dirección da Casa de Cultura.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la factura presentada por AQUAGEST, por melloras realizadas na planta potabilizadora de auga de 1.710.746 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda encomenda-lo exercicio de accións xudiciais de defensa ó avogado Don Xosé Luís Rodríguez Pardo para representación deste Concello no contencioso-administrativo presentado por Dona María Antonia Ruíz Alvarez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda encomenda-lo exercicio de accións xudiciais de defensa ó avogado Don Xosé Luís Rodríguez Pardo con motivo da presentación da querela contra o grupo de goberno por Dona María Antonia Ruíz Alvarez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda encomenda-lo exercicio de accións xudiciais de defensa ó bufete Castro-Vicente con motivo da presentación da querela por Dona Odila González Centrón.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la minuta presentada polo bufete Castro-Vicente, de 8.600 pesetas por intervención nas dilixencias previas 357/93, ante o Xulgado de Instrucción de Ribadavia.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la minuta presentada polo avogado Juan Salgado Requejo, de 133.400 pesetas por intervención en diversos asuntos deste Concello ante o Xulgado do Social.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura presentada polo Alcalde do Concello de

gastos de representación nunha viaxe a Madrid o pasado 15 de Marzo, por importe de 15.295 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura de gastos de quilometraxe de viaxes oficiais de Concello durante o meses de Febreiro, Marzo e Abril do corrente ano, por importe de 51.360 pesetas.

E sendo as nove da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-